



Instrucións do proceso de admisión para 2º curso do réxime ordinario sen praza garantida

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de FP

Proceso de admisión NON centralizado

Alumnado doutro centro ou doutro ciclo

1. Solicitude

A solicitude de **participación do proceso non se cubre mediante o asistente informático** senón que se empregará o **Anexo I** que está dispoñible na páxina <http://www.edu.xunta.es/fp>, na páxina web do centro <http://www.cifpanxelcasal.gal/>, e na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> (procedemento ED519A). Cubrirase por duplicado e entregarse no centro no que se desexa cursar 2º curso entre o **25 de xuño e o 3 de xullo de 2018**, xunto coa documentación necesaria.

Poderá *remitila por correo postal certificado* en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro cifp.anxel.casal@edu.xunta.es.

***Estudos estranxeiros:** Deberá marcar o que corresponda no punto 5 da solicitude. Se os estudos están homologados co nivel de bacharelato, deberá marcar ademais na aplicación os estudos de *COU/PREU/Bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes*. Se os estudos están homologados co nivel da ESO, deberá marcar ademais na aplicación *Título da ESO LOE ou LOXSE*.

2. Documentación:

2.1.- Non esqueza orixinal e copia do **DNI** e da **titulación de acceso ao ciclo** indicada na solicitude (se presenta certificación académica, deberá constar o pago de taxas do título).

2.3.-**Certificación** do centro onde cursase primeiro de que **cumpre cos requisitos de promoción a 2º curso** (Certificación de módulos superados de 1º curso). Non é necesario si cursou 1º curso noutro ciclo neste centro, ou os módulos correspondentes a 1º curso noutro réxime.

3. A **adxudicación** de prazas aparecerá na **páxina web do centro** <http://www.cifpanxelcasal.gal/> e no taboleiro da entrada do centro. Haberá sucesivas adxudicacións de prazas. A baremación realizarase en función da **nota da titulación de acceso**.

6. **Formalización da matrícula** ou **renuncia** en caso de adxudicación. SEMPRE PRESENCIAL. Poderá autorizar a alguén e requirirase copia compulsada dos dous DNI (autorizante e autorizado).

- Entregar ou **novo Anexo I**, que cubrirá, asinará e entregará no centro no que fose admitido. Presentar por duplicado, para conservar unha copia como xustificante.
- Carné escolar debidamente cuberto e coa foto pegada para selar (recoller na conserxería).
- 2 fotos co nome e ciclo escrito por detrás.
- Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA: ES36 2080 0086 2230 4000 2660.



Códigos Réxime Ordinario

Código do centro	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	15022607
Códigos dos ciclos de grao medio	Atención a persoas en situación de dependencia	CMSSC01
	Coidados auxiliares de enfermería	CM19001
	Farmacia e parafarmacia	CMSAN02
Códigos dos ciclos de grao superior	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	CSSAN06
	Animación sociocultural e turística	CSSSC03
	Audioloxía Protésica	CSSAN01
	Dietética	CS19003
	Educación infantil	CSSSC01
	Hixiene bucodental	CSSAN09
	Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear	CSSAN04
	Integración social	CSSSC02
	Laboratorio clínico e biomédico	CSSAN05
	Mediación comunicativa	CSSSC04
	Próteses dentais	CSSAN02
	Radioterapia e dosimetría	CSSAN07
Saúde ambiental	CS19002	